

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 4 de abril de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día catro de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(311).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os presentes.

**2(312) .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO. EXPTE. 15772/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral de datas 17/03 e 26/03/14, respectivamente; de conformidade

co informe-proposta do 02/02/14 do técnico superior de Educación, conformado polo concelleiro delegado de área e pola concelleira de Facenda que figura fiscalizado novamente pola Intervención o 03/04/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo por procedemento aberto.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/02/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 31/03/2014 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo por procedemento aberto.

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 394.135,81 euros (65.689,30 € na anualidade de 2014 e 328.446,51 euros na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.02 (“Escola municipal de música de Vigo”).

Cuarto.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **3 (313).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE DENOMINADO “JONATHAN” SITO NA AVDA. DE SAMIL. EXPTE. 19672/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 05/03/14, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola concelleira-delegada de área; vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 20 e 27 de marzo de 2014, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Prego de condicións administrativas que rexera a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación e explotación dun servizo de restauración (restaurante e/ou café bar e/ou cafetería), da edificación coñecida como “Jonathan” sito na Avda. de Samil nesta cidade de Vigo.

Segundo.- Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de condicións administrativas, entendéndose definitivamente aprobado de non formularse alegacións o mesmo durante dito período de información .

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, unha vez acadada a aprobación definitiva do devandito prego.

**4(314) .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE D. EDMUNDO PAZ DACRUZ DA SÚA OBRA “PASO A PASO 2012”. EXPTE. 5097/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 05/03/14, do xefe do servizo de Patrimonio conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a doazón de D. Edmundo Paz Dacruz da súa obra “Paso a Paso 2012” do ano 2012.

Segundo.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

Terceiro.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dita obra no Inventario Municipal de bens e dereitos, consonte a seguinte ficha técnica:

Título: Paso a Paso 2012

Artista: Edmundo Paz Dacruz

Técnica: Mixta s/lenzo

Data: 2012

Dimensións: s/m 162 x 162 cm

Valor a efecto de seguro: 5.000,00

Estado de conservación: Óptimo

Ubicación 2014: 1º planta Concello. Frente a RRHH.

**5 (315).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DE D. JESÚS RODRÍGUEZ ALBOR AO ARRENDAMENTO DO QUIOSCO DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NOS XARDÍNS DE COMPOSTELA DESTA CIDADE. EXPTE. 19684/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/03/14, do xefe do servizo de Patrimonio que figura conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de D. Jesús Rodríguez albor ao contrato de arrendamento do quiosco de titularidade municipal sito nos xardíns de Compostela desta cidade de Vigo, que se declara resolto.

Segundo.- Requirir a D. Jesús Rodríguez Albor o abonamento das cantidades que por dito contrato se adebedan a esta Administración ata o mes de febreiro do presente ano.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería, Administración de Tributos e Parques e Xardíns para o seu coñecemento.

**6(316).- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DOS PLANS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS PARROQUIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO” LOTES 1 E 2 E “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO RIME EN DIVERSAS RÚAS NO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL”. EXPTE. 2389/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/04/14, do enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os plans de Seguridade e Saúde das obras de:

“Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo” Lote 1, que inclúe as obras:

Rúa Portoloureiro  
Rúa Leonardo Alonso  
Rúa Saa, Orzamento  
Camiño de Romeu  
Baixada a Ponte Nova  
Estrada Monte Alba  
Estrada de Fragoselo

“Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo” Lote 2, que inclúe as obras:

Avenida do Tranvía

Camiño do Arieiro  
Camiño da Raposeira  
CEIP Carballal  
Rúa Dr. Corbal  
Rúa Golotea  
Severino Covas

“Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal”, que inclúe as obras:

Rúa Paz  
Rúa Juan Ramón Jimenez  
Rúa José Frau  
Rúa Tomás Paredes  
Rúa Cachamuiña  
Rúa Caracas  
Rúa Sergio Saborido  
Rúa Ricardo Portela  
Rúa Don Quijote  
Túnel Praza América  
Rúa Gerona  
Rúa Heraclio Botana  
Rúa San Amaro

redactados por:

Parroquias, Lote 1: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A),  
Parroquias, Lote 2: FERNANDO PENA GARCÍA (ABERMAN EMPRESA  
CONSTRUCTORA S.L)  
Casco Urbano: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)

e presentados, para a execución, polas empresas:

Parroquias, Lote 1: MISTURAS S.A  
Parroquias, Lote 2: ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L  
Casco Urbano: MISTURAS S.A

Os devanditos plans foron informados favorablemente polo coordinadores:

Parroquias, Lote 1: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS  
NORCONTROL, SLU),  
Parroquias, Lote 2: CARMEN VÁZQUEZ RIVAS (ENMACOSA)

Casco Urbano: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU),

Segundo.- Aceptar os plans de Xestión de Residuos redactados por:  
MISTURAS S.A. (parroquias, lote 1)  
ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L (parroquias, lote 2)  
MISTURAS S.A. (casco urbano)

e presentados polas empresas adxudicatarias para a execución das obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, lotes 1 e 2, e “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal”

Do presente acordo daráselle traslado ás empresas adxudicatarias MISTURAS S.A. (parroquias, lote 1), ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L (parroquias, lote 2) e MISTURAS S.A. (casco urbano), as cales a súa vez xunto cos plans de seguridade e saúde darán conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**7(317).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME NA AVDA. DO TRANVÍA DO P.K. 3+140 A P.K. 3+890. EXPTE. 70546/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26/03/14, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda; vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal de datas 31/03 e 03/04/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Corrixir o erro no proxecto de reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía P.K. 3+140 a P.K. 3+890 aprobado por ese órgano en sesión de 14 de outubro de 2013, no senso de substituír no seu apartado 9 “normativa e lexislación aplicable”, a Lei 22/2011 de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados no lugar da Lei 10/1998.

(A solicitude da titular da Asesoría Xurídica Municipal, o proxecto deberá contar coa correspondente dilixencia de aprobación pola Xunta de Goberno Local).

Segundo.- Aprobar a tramitación ordinaria do expediente para contratar a execución das obras do proxecto “*de reforzo da capa de rodadura do firme na Avda. do Tranvía do P.K. 3+140 a P.K.3+890*”, por procedemento aberto.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación das referidas obras redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, e o Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 25 de marzo de 2014.

Cuarto.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida licitación, redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, de data 18 de marzo de 2014.

Quinto.- Autorizar o gasto correspondente ao presuposto base de licitación, por un importe de 66.818,50 €, con cargo ao crédito do orzamento da Área de Fomento na aplicación orzamentaria 1550.210.00.04 “obras de reforzo da capa de rodadura do firme na Avda. do Tranvía do PK3+140 a PK3+890” e ao IVE 14.031,89 € con cargo á bolsa de vinculación, onde existe crédito adecuado e suficiente.

Sexto.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.